

# PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

## MATRIZ DAFO

### CULTURA

## GRUPO 4: COHESIÓN SOCIAL

### MESA: Cultura

#### RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1. Consolidar unha visión social da cultura como valor esencial e imprescindible para o desenvolvemento integral da sociedade, e a valoración da lingua galega como instrumento-clave da nosa identidade cultural e activo útil para a cidadanía.**
  - 1.1 Promover a concepción social de que a cultura é unha prioridade social.
  - 1.2 Fomentar valores de orgullo sobre a identidade dos galegos e as galegas e sobre os valores tradicionais do rural.
- 2. Estimular a produción e a distribución cultural de base por todo o territorio de Galicia, co fin de favorecer a democratización da cultura, isto é, a inclusión e a participación na cultura de toda a sociedade.**
  - 2.1 A cultura é fundamental para a calidade de vida dun territorio, relacionándoa mesmo coa saúde da poboación.
  - 2.2 Debería achegarse a cultura á cidadanía por todos os medios, aproveitando as oportunidades que brindan as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
  - 2.3 Proponse a creación dun plan de difusión da cultura que inclúa diferentes ámbitos: educativo , teatro, cine, paisaxe, gastronomía, videoxogos.
- 3. Poñer en valor a cultura e facilitar o acceso á mesma, incidindo na igualdade de oportunidades para todas as persoas.**
  - 3.1 Idea de que a cultura non pode ser de balde: hai que poñela en valor.
- 4. Asentar un tecido social e empresarial da cultura potenciado e fortalecido que desempeñe una actividade que cree riqueza.**
  - 4.1 Promocionar e apoiar a cultura como un medio de vida, xa que é unha gran xeradora de riqueza para o territorio.
  - 4.2 Apostar pola profesionalización das persoas creadoras, polo que é necesario:
    - Promover programas de mecenado.
    - Establecer incentivos tributarios.
    - Converter a Galicia en captadora de investimentos externos.
    - Apoiar decididamente aos talentos emerxentes.

**5. Promover a difusión e a posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial e fomentar as accións destinadas a investigar e ampliar o seu coñecemento e as súas necesidades de conservación, restauración e rehabilitación.**

5.1 Promover a investigación cultural, especialmente fóra do ámbito universitario.

5.2 Proponse crear un instituto de Patrimonio que sexa referente-guía para o resto de entidades e a sociedade, promovido pola Administración Pública e con a participación de todo o sector cultural.

**6. Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia, logrando que Galicia sexa un referente internacional na xeración de contidos.**

6.1 Para acadar o obxectivo de estender en todo o mundo a creacións galegas:

- Impulsar campañas promocionais no estranxeiro que vendan a “Marca Galicia” e os seus contidos.
- Crear un grupo de traballo que centralice toda a promoción exterior, para que se faga de xeito coordinado.
- Establecer alianzas con terceiras entidades foráneas e españolas.
- Galicia debe converterse en captadora de investimentos internacionais para o mundo cultural.
- Impulsar a través de accións formativas de calidade a figura de axentes culturais especializados na internacionalización.
- Estender a produción galega: por exemplo, con videoxogos ambientados e creados en Galicia.

**7. Fomentar o uso das novas ferramentas dixitais e tecnolóxicas para o desenvolvemento da cultura en todas as súas facetas, potenciando o posicionamento da cultura galega no marco da sociedade dixital.**

7.1 Impulsar o papel central das novas tecnoloxías da información e a comunicación, xa que permitirán que todo tipo de público sexa capaz tanto de crear contidos como de consumilos (democratización da cultura).

7.2 Apoiar a todas as persoas que aposten por innovar en novos soportes tecnolóxicos.

7.3 Promover o “turismo cultural dixital”.

**8. Apoiar a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, así como a colaboración entre as institucións públicas e privadas e a boa gobernanza no ámbito da cultura.**

8.1 Articular unha estratexia global da cultura galega, coordinada entre entidades públicas, privadas e o terceiro sector que permita:

- Impulsar estratexias conxuntas tanto cara o exterior como internamente.
- Compartir o creado de xeito máis sinxelo.
- Protexer o talento, sobre todo o emerxente.

8.2 Apoiar a innovación cultural mediante a súa transversalidade e hibridación con outros sectores.

8.3 Fomentar o emprendemento cultural.

8.4 Impulsar o labor creativo e innovador da Cidade da Cultura de Galicia.

8.5 Entender o mundo cultural como unha cadea de valor onde todos son de interese para o resto.

8.6 Galicia debe prepararse para innovar moito máis rápido do que viña facendo ata o de agora.

8.7 A cultura debe marcar posición en primeira liña.

**9. Asegurar a calidade dos servizos públicos culturais: bibliotecas, museos, arquivos, radiotelevisión, etc.**

9.1 É prioritario repensar cal debería ser o papel que deberían xogar as bibliotecas e outros espazos públicos en 2030. As bibliotecas públicas deben reinventarse para ser máis atractivas para a mocidade, reconverténdose en espazos de intercambio e descubrimento, sobre todo no rural. Apostar pola actualización de fondos e a adaptación de espazos.

9.2 Redeseñar a Corporación Radio e Televisión de Galicia.

- A CRTVG debe ser un “elemento exemplificador” para toda a cidadanía.
- Redeseñar a súa xestión.
- Incrementar a programación cultural de calidade.

**10. Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos e desenvolver actividades de formación do galego.**

10.1 Transformar a política lingüística de promoción do galego.

10.2 Impulsar estratexias para a promoción do difusión do galego:

- Manter e promover a diversidade dialectal do idioma.
- Apostar polo seu uso tamén en contextos máis formais e técnicos.
- Potenciar a CRTVG como elemento exemplificador do uso do galego.
- Establecer fórmulas que faciliten que a xente nova utilice o galego, tanto en ámbitos rurais como urbanos.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1 Escaso peso económico atribuído á cultura no PIB.	A.1 Importante dependencia do gasto público que sostén unha gran cantidade de servizos ofrecidos por empresas, profesionais, entidades sen ánimo de lucro.	F.1 Algunhas áreas, singularmente, algúns produtos audiovisuais e de edición teñen capacidade de exportación e gozan de recoñecemento a nivel de España e internacional	O.1 O deseño e elaboración da Estratexia da cultura galega 2021.
D.2 A inexistencia dunha política coordinada na programación de actividades do sector cultural.	A.2 A transición a novas formas de difusión da información que afecta especialmente ao sector do libro, ás publicacións periódicas e ao audiovisual.	F.2 Galicia é un destino turístico cultural atractivo para españois e estranxeiros.	O.2 Sector de gran relevancia social e con potencial económico.
D.3 Escasa relación e coordinación entre as administracións e moitos actores dos sectores culturais.	A.3 Tendencia ao abandono das formas de consumo cultural tradicional.	F.3 O emprego na cultura e o no número de empresas culturais presenta unha tendencia positiva nos últimos anos.	O.3 Existencia dunha extensa diáspora e unha rede universitaria que poderían facilitar a expansión de moitos produtos e servizos culturais, como publicacións periódicas, libros, música, distribución dixital dos medios públicos, etc.
D.4 Na actualidade as políticas culturais en Galicia carecen dunha planificación e avaliación a medio prazo que pode derivar en ineficiencias nas medidas tomadas.	A.4 Os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia por mor das súas condicións de propiedade, uso e xestión non están nunha situación uniforme de conservación, coñecemento e accesibilidade o que representa un risco para a súa permanencia.	F.4 Galicia conta cunha gran riqueza patrimonial, material e inmaterial e con coleccións museísticas de gran valor.	O.4 Desenvolvemento das tecnoloxías como vías para potenciar as maneiras de creación, produción, distribución e consumo da cultura.
D.5 O acceso e consumo da cultura en Galicia é menor, en xeral, á media de España.	A.5 A perda de poboación en determinadas zonas de Galicia dificulta a conservación do seu patrimonio cultural.	F.5 As bibliotecas presentan un aumento importante da oferta de libro electrónico, programas de préstamo innovadores e unha oferta dixital que ten moi boa acollida en xeral.	O.5 Impulso do consumo cultural como xeito de financiar a actividade cultural e o traballo das industrias culturais e creativas.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.6 A participación cultural no contorno rural é inferior que no urbano	A.6 Forte redución do gasto público en cultura nos últimos anos.	F.6 Producíronse avances legislativos importantes, como a aprobación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.	O.6 A protección, conservación, investigación, promoción e utilización dunha forma sostible, do patrimonio cultural, supón unha ferramenta e un axente fortemente dinamizador da economía local e das posibilidades de desenvolvemento cultural.
D.7 Obsérvase unha escasa profesionalización en moitos ámbitos da cultura.		F.7 Existe unha gran cantidade de infraestruturas culturais en Galicia que se atopan en bo estado de conservación.	O.7 Importante vinculación entre a cultura e o desenvolvemento local e comunitario.
D.8 Excesiva presenza da cultura de gratuidade nalgúns sectores e tamén existencia de prezos excesivamente baixos en programacións culturais, como as de teatro ou a música clásica.		F.8 O amplo tecido asociativo da cultura en Galicia mostra un gran dinamismo social en consonancia cun elevado índice de asociacionismo.	O.8 A Cidade da Cultura de Galicia como centro creativo e innovador.
D.9 Pouca dedicación entre as empresas galegas a exportar bens e servizos culturais.		F.9 Aprecio social polo valor da cultura como parte da identidade galega.	O.9 A RTVG como ferramenta para a divulgación cultural de calidade.
D.10 A Administración atopa dificultades para xestionar a tramitación relacionada co patrimonio cultural.		F.10 O sistema galego de museos é una rede estendida no territorio que alcanza a una parte moi maioritaria da poboación galega e fortemente integrada cos lugares e destinos de maior atractivo turísticos.	
D.11 No total do emprego cultural en Galicia, a taxa de autoemprego é demasiado alta e mesmo superior ao conxunto das actividades económicas.			
D.12 As empresas do audiovisual dependen excesivamente da TVG e o seu consumo tradicional. Nin a radio nin a televisión públicas son líderes de audiencia.			

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.13 No sector creativo detéctase minoría de mulleres nalgunhas disciplinas e a súa visibilidade e recoñecemento son menores.			
D.14 As entidades sen ánimo de lucro do ámbito cultural dependen excesivamente das subvencións e, en moitos casos, créanse asociacións e fundacións que carecen de recursos propios			
D.15 Gasto medio por fogar en bens e servizos culturais inferior á media estatal.			
D.16 Estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade.			